

PROGRAMACIÓN PSICOMOTRICIDADE CURSO 2021/2022

| | |
|---------------|----------------------|
| ETAPA | Educación Infantil |
| CURSO | 4º, 5º, 6º |
| ÁREA | Psicomotricidade |
| MESTRA | Teresa Ramos Viéitez |

CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA Raíña Aragonta está situado na localidade de Salceda de Caselas, no sur da provincia de Pontevedra. Trátase dun colexio rural agrupado formado por 15 unidades. A sede central atópase na Esfarrapada, situada na rúa Rosalía de Castro nº 11, a cal está integrada por 2 aulas de 4º Infantil, 3 aulas de 5º Infantil e 3 aulas de 6º Infantil. Ademais consta de sete aulas unitarias situadas en distintas parroquias do municipio: Soutelo, Fontán, Budiño, Entenza, San Xurxo, Picoña e Barreiro. O número de alumnos e alumnas total ascende a 220.

Seguindo o Decreto 330/2009 a finalidade da Educación Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos/as, polo tanto a psicomotricidade vai ser un área imprescindible para alcanzar un desenvolvemento adecuado e equilibrado dos nenos e nenas.

Traballarase dende un enfoque competencial, respectándose o nivel motor de todo o alumnado e fomentando hábitos e estilos de vida saudable.

A educación para a saúde estará presente durante todo o curso escolar, xa que logo estamos a vivir unha pandemia mundial debido ó covid-19, polo que os nenos e nenas deberán ter en conta máis que nunca unha serie de hábitos de hixiene para minimizar a súa propagación.

OBXECTIVOS

1. Desenvolver unha imaxe corporal axustada e positiva.
2. Iniciar a definición da propia lateralidade.
3. Desenvolver as habilidades motrices básicas en diferentes situacións.
4. Mellorar o dominio corporal a través da coordinación xeral, equilibrio, ritmo ou coordinación visomotriz.
5. Traballar e mellorar o control tónico-postural, respiración e relaxación.
6. Explorar, controlar e axustar o corpo en movemento en función das características espazo-temporais.
7. Iniciarse na capacidade de reproducir movemento e ritmos.
8. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio de interacción cos demais aceptando progresivamente as regras dos mesmos.
9. Relacionarse, cos demais aceptándoos, adquirindo pautas de convivencia e relación social respectando o entorno e os materiais.
10. Adquirir hábitos de hixiene persoal e incorporalos na súa vida cotiá.

CONTIDOS

Coñecemento de si mesmo e Autonomía Persoal

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe: xa que traballaremos contidos como o coñecemento global e parcial do corpo, o control do propio corpo, as posibilidades perceptivas e motrices, os sentimentos e sensacións, as posibilidades expresivas do corpo, o esquema corporal,...

Bloque 2. Xogo e movemento: traballaremos contidos como coordinación de esquemas perceptivo-motrices, acción corporal, posibilidades e limitacións corporais, diferentes tipos de movementos corporais, xogo individual e colectivo,...

Bloque 3. A actividade cotiá: traballaremos contidos tales como relacións interpersoais, respecto polas persoas, normas e valores, establecemento de relacións de confianza, afecto, colaboración,...

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde: inclúe contidos como a hixiene corporal e postural, vestimenta, prevención de riscos e accidentes, uso axeitado de instalacións, materiais,...

Coñecemento do Contorno

Bloque 1. Medio físico: elementos, relación e medida: traballaremos contidos como o espazo, tempo, comportamento e propiedades de obxectos,...

Bloque 2. Achegamento á natureza: trataremos contidos como relación cos elementos que forman o seu contorno, actividades no medio natural, xogos de aire libre,...

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade: trataremos contidos como a convivencia en grupos sociais, as relacións de amizade, o traballo e aprendizaxe grupal,...

Linguaxes: Comunicación e Representación

Bloque 1. Linguaxe verbal: empregamos a lingua oral como medio para comunicarnos e expresarnos, para facer peticións, contar anécdotas,...

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal: traballaremos a capacidade creativa para comunicar, representar e expresar, as posibilidades sonoras do corpo e obxectos, o son e o silencio, a creación de secuencias de movementos e ritmos, interpretación de cancións, xogos musicais, danzas,...

Bloque 3. Linguaxe audiovisual: empregaremos a cámara de fotos e vídeo, a cadea musical para traballar con música e algunha vez a pantalla dixital.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Durante tódalas sesións de psicomotricidade darase resposta á diversidade de todo o alumnado, atendendo a variedade de necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe dos nenos e nenas. Respetarase o seu nivel evolutivo en todas as actividades propostas, deseñando xogos adecuados a súa idade e o seu desenvolvemento motor.

Terase moi en conta ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dende a área de psicomotricidade levaranse a cabo diferentes medidas para atender á diversidade do alumnado:

- Actividades variadas e adaptadas a todos os niveis de habilidade.
- Emprego de diferentes tipos de materiais.
- Disminuír ou aumentar o nivel de dificultade.
- Aumentar o tempo para a realización dos xogos.
- Reforzo positivo.
- Asignación de responsabilidades.

METODOLOXÍA

As actividades propostas serán variadas, participativas e significativas. O xogo estará presente en todas as sesións como principal recurso metodolóxico, xa que nos axudará a acadar os obxectivos propostos dunha maneira lúdica e motivante.

Os xogos serán dinámicos, divertidos e terán en conta os intereses do alumnado. As actividades serán de dificultade progresiva, comezando coas máis sinxelas e aumentando paulatinamente o nivel de dificultade motriz.

En canto as instalacións para levar a cabo a psicomotricidade, empregaranse sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan o patio exterior, senón o ximnasio do centro.

No referente ao emprego de material, abundarán xogos nos que non sexa necesario ou con pouco material. O alumnado evitará compartir material e despois de cada sesión dito material será desinfectado pola mestra.

Durante as sesións empregaranse diferentes agrupamentos en función dos xogos pero favorecerase na medida do posible manter a distancia de seguridade. Para favorecer esta distancia de seguridade empregaranse aros, elementos debuxados no chan ou cinta adhesiva.

As sesións compóñense de tres partes diferenciadas: quecemento, parte principal e volta á calma. Dedicaremos sempre os cinco últimos minutos da sesión a facer un lavado de mans con xabón nos correspondentes aseos.

Aínda que o contacto directo non é posible entre os nenos e nenas favorecerase a cooperación mediante xogos de imitación entre eles, risoterapia, baile...para

que non se perda a esencia e os valores que se queren transmitir dende a psicomotricidade.

No caso de que a pandemia empeorase e tivéramos que impartir as clases de maneira telemática, dende a área de psicomotricidade elaboraranse vídeos por parte da mestra levando a cabo xogos sinxelos para que as familias os desenvolvan nos seus fogares. Para iso empregaranse materiais de refugallo como botellas, periódicos, tapóns ou incluso sen materiais, co fin de facilitar os procesos de ensinanza aprendizaxe a todos os nenos e nenas.

Todas as actividades propostas publicaranse na web do centro e tamén enviaranse por correo electrónico. Ademais empregaremos o servizo de mensaxería de abalar para poñernos en contacto coas familias.

Para aquelas familias que non contan con conexión a internet se lles enviará a información e explicación dos xogos por outras canles (vía telefónica).

AVALIACIÓN

Seguindo o establecido na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación será global, continua e formativa.

Avaliaranse dentro das áreas existentes no currículo da etapa, conforme ós criterios de avaliación determinados na programación de ciclo, e reflectiranse nun informe trimestral. Ademais de avaliar ás aprendizaxes dos alumnos (onde se valorará sobre todo a evolución, participación e a actitude), tamén será imprescindible avaliar o proceso de ensinanza - aprendizaxe, así como a labor docente.

Empregarase a observación directa como método para levar a cabo a avaliación. A información recollerase a través de diferentes instrumentos como diario do mestre, rexistros anecdóticos e escalas de observación.

Se por mor do covid as clases foran no presenciais, empregaranse os vídeos solicitados ás familias para continuar cos procesos de avaliación do alumnado, sempre tendo en conta a situación laboral e persoal de cada familia.

Valoraremos determinados ítems relativos a actitude, a participación e a execución motriz do alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

En base aos obxectivos e contidos propostos, os cales se formularon tendo en conta as competencias básicas, os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Demostrar un concepto de si mesmo axeitado e positivo a través das experiencias individuais e colectivas vividas nas actividades xogadas.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confiar nas súas posibilidades e coñecendo as súas limitacións.
- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes e valorando positivamente as diferenzas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas de xeito seguro.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Manifestar hábitos de saúde participando activamente nas actividades de hixiene corporal.
- Mostrar interese polas posibilidades de expresión e representación, polas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Colaborar cos compañeiros/as, buscando resolver os conflitos de xeito pacífico, empregando espazos e materiais respectando as normas de uso.

“PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL.

No referido á atención educativa do alumnado nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”